

SOLICITUDE DE LIBROS DE TEXTO DO FONDO SOLIDARIO E MATERIAL ESCOLAR . CURSO 2021/22

Orde do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto, e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para curso escolar 2021/2022 (DOG 20/05/2020)

- **REQUISITOS:**

- **Axudas adquisicións libros de texto:** estar matriculado en 1º, 2º de Educación Primaria (EP) durante o curso 2021/2022.
- **Fondo solidario :** estar matriculado en 3º , 4º, 5º e 6º EP ou en 1º, 2º, 3º ou 4º de ESO. Os libros entregaranse en orde inversa á renda ata esgotar as existencias. **Recoméndase a todas as familias que presenten a solicitude independentemente da Renda.**
- **Axudas material escolar:** estar matriculado en EP..
- **Ter devolto os libros de texto adquiridos con cargo ás axudas ou fondo do curso 2020/2021. (agás 1º e 2º de primaria)**

- **OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS DO FONDO SOLIDARIO:**

- O alumnado ten a obriga de **conservar en bo estado os libros de texto así como de devolvelos ao finalizar o curso escolar 2021/2022.**

- **LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

- **Por vía electrónica:** A través da aplicación Fondolibros, entrando con certificado dixital ou chave 365, gravarase a solicitude **obtendo un número de solicitude** para logo poder presentalo por dúas vías: a través da sede da xunta <https://sede.xunta.gal> ou en papel no centro.
- **Nos centros docentes:** (preferiblemete por correo electrónico) segundo o **Anexo I e II (ED330B)** da orde de convocatoria que estará a disposición dos interesados **na páxina web do centro** ou no portal educativo no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es> As axudas serán presentadas polos pais, nais, titores legais dos alumnos.
- **Prazo de presentación:** Do 21 de maio ao 22 de xuño (este último incluído).

-A solicitude será **única** para todos os fillos que estean matriculados no mesmo centro docente e nela especificarase os estudos que espera realizar cada un deles no dito curso.

- **DOCUMENTACIÓN:**

- Anexo II: comprobación dos datos dos membros computables da unidade familiar.
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar.
- Cando o libro de familia non reflita a situación familiar a 31 de decembro de 2019, documentación xustificativa (sentenza de divorcio, certificado de defunción....)

- **CÁLCULO PARA ACCEDER ÁS AXUDAS:**

- **Axudas adquisición libros de texto 1º E 2º de primaria:**

Renda per cápita igual ou inferior a 6.000€: **210 €**

Renda per cápita superior a 6.000 ou inferior a 10.000€: **140 €**

- **Fondo solidario de libros de texto:** por orde inversa a renda per cápita ata que se esgoten as existencias.(3º, 4º 5º e 6º E. Primaria e toda a ESO).

- **Axudas para material escolar:** Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros: **50€** (primaria e secundaria)

LISTAXES ADMITIDOS

Data límite de publicación da listaxe provisional de admitidos: **9 de xullo.**

Data límite de publicación da listaxe definitiva de admitidos: **20 de xullo (primaria).**

15 setembro (ESO)

Nota: O cálculo da renda per cápita farase sumando os recadros 435 (base impositible xeral) e 460 (base impositible de aforro) do exercicio fiscal do 2019 dividido entre o nº de membros da unidade familiar (os membros da unidade familiar con minusvalía igual o superior ao 33% computarán por dous)

Para máis información na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpionioorzacouto/>

ou na secretaría do centro

Boqueixón, 20 de maio de 2021.

O director

Jose Manuel Silva Rodríguez